



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Modificación do artigo 15 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Cee. Expediente nº 2026/X999/000190

ANUNCIO

O Pleno da Corporación do Concello de Cee, na sesión celebrada o día 3 de setembro de 2026, aprobou expresa e formalmente a modificación do artigo 15 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Cee, relativo á implantación da xornada laboral de 35 horas semanais.

De conformidade co disposto no artigo 38.6 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, e no artigo 154.6 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, procédese á publicación íntegra da modificación dos artigos, aprobada:

MODIFICACIÓN DO ARTIGO 15 DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE CEE

Artigo 15.- Calendario laboral e xornada.

O calendario laboral será o establecido con carácter oficial pola Xunta de Galicia, coas peculiaridades propias do Concello de Cee, que se aprobará anualmente, previa negociación cos representantes do persoal, e se publicará antes do 28 de febreiro de cada ano.

A duración da xornada ordinaria de traballo do persoal laboral a tempo completo será de 35 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual, respectándose en cómputo anual a xornada de mil quinientas trinta e tres (1533) horas anuais, de conformidade coa normativa básica aplicable ao sector público.

Con carácter xeral, o horario ordinario de prestación de servizo do persoal laboral a tempo completo será de 8:00 a 15:00 horas, de luns a venres, en xornada continuada, sen prexuízo das xornadas especiais que poidan establecerse por razón do servizo (quendas, nocturnidade, fins de semana, etc.), que se recollerán no calendario laboral anual.

O persoal laboral a tempo parcial manterá o horario efectivo que se veña realizando en cada posto, adaptándose a porcentaxe de xornada á nova xornada de referencia de 35 horas semanais. As retribucións e demais dereitos recoñeceranse de forma proporcional á nova porcentaxe de xornada.

No caso do persoal laboral municipal adscrito a servizos prestados mediante contratos administrativos (limpeza viaria, recollida de residuos, escola infantil ou outros que poidan existir), a xornada ordinaria de referencia será igualmente de 35 horas semanais en cómputo anual, respectándose en todo caso:

a) Os horarios de servizo e organización interna fixados pola empresa concesionaria e polos pregos de cláusulas administrativas e técnicas.

b) O réxime de risco e ventura e de modificación contractual previsto na Lei de Contratos do Sector Público e nos pregos, sen que a fixación da xornada de 35 horas poida, por si soa, xerar dereito a reequilibrio económico nin a compensación á empresa concesionaria, agás que se produza unha alteración efectiva das condicións de prestación do servizo que así o xustifique.

O día de Santa Rita manterase como festivo a todos os efectos, e os días 24 e 31 de decembro permanecerá aberta a oficina de rexistro en horario de 9:00 a 13:30 horas.

De conformidade co disposto no artigo 90 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, así como na normativa autonómica aplicable, a modificación do Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Cee foi remitida á autoridade laboral competente da Xunta de Galicia para a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo de Galicia (REGCON), depósito (rexistro 004040 de data 7 de setembro de 2026), procédese a publicación da modificación no BOP.

En Cee, a 16 de setembro de 2026

A alcaldesa

Margarita Lamela Louzán